



ORDENANZA FISCAL Nº 11

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL
CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON
FINALIDADE LUCRATIVA

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigo 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do citado Real Decreto Lexislativo, o Concello de Lalín acorda a imposición e ordenación da Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

Todo o relativo ás solicitudes para a instalación das mesas e cadeiras, autorizacións, normas de xestión e demais aspectos sustantivos materiais que non aparecen regulados nesta Ordenanza fiscal rexiranse pola Ordenanza xeral reguladora da ocupación do dominio público municipal mediante mesas, cadeiras e outros elementos auxiliares.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal que se deriva da realización de ocupacións de terreos de uso público local con mesas e cadeiras e outros elementos análogos.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible desta taxa.

Artigo 4º. Responsables

- Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

- Responderán de forma subsidiaria da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o

artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Devindicación

Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos aproveitamentos temporais ou por períodos inferiores ó ano, cando se inicie o uso privativo ou aproveitamento especial, momento que, a estes efectos, se entende que coincide co da concesión da autorización o período impositivo comprenderá o tempo autorizado.
- Nos servicios de retribución periódica, a taxa devindícase o primeiro día do período impositivo que comprenderá o ano natural, salvo nos casos de alta ao longo do período impositivo, en cuxo caso devindícase no momento de iniciarse o uso ou aproveitamento e nos de cese do mesmo, casos ambos no que o período impositivo se axustará a esta circunstancia rateándose, no seu caso, a cota por trimestres naturais.

Artigo 8º. Liquidación

- Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.
- Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.
- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal.
- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo, no seu caso.
- Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.
 - Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, ratearse por trimestres naturais . A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

ANEXO

Primeiro. Tarifa.

A estrutura e contía desta taxa será a seguinte, segundo as distintas modalidades de ocupación do dominio público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa previstos na Ordenanza Xeral reguladora deste tipo de ocupacións:

1.- “TERRAZA” ou “TERRAZA CONVENCIONAL”.- Por instalación e utilización de mesas, cadeiras e veladores, cun máximo de 5 cadeiras cada velador, ó ano:

1.1. En rúas de 1ª categoría	46,82 €.
1.2. En rúas de 2ª categoría	32,77 €.
1.3. En rúas de 3ª categoría	16,39 €.

Cando exceda de 6 o número de veladores polo aproveitamento solicitado ou realizado, incrementarase a taxa nun 50 por 100, respecto dos que superen a referida cifra.

2.- “TERRAZA CONVENCIONAL AMPLIABLE”.- Tendo en conta a natureza deste tipo de terraza, concebida para o seu aproveitamento nas fins de semana, sobre a tarifa determinada no

apartado anterior para a terraza convencional aplícase o **coeficiente de 0,25**, resultando as reguintes tarifas pola instalación e utilización de mesas, cadeiras e veladores, cun máximo de 5 cadeiras cada velador, ó ano:

2.1. En rúas de 1ª categoría	11,71 €.
2.2. En rúas de 2ª categoría	8,19 €.
2.3. En rúas de 3ª categoría	4,10 €.

Nesta modalidade de terraza non será de aplicación o incremento da taxa en función do número de mesas.

3.-POLA OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO CON TARIMAS (con ou sen cubrición)

fíxanse as seguintes tarifas, segundo a categoría das rúas especificada na Ordenanza Xeral reguladora das categorías das rúas, sendo esta tarifa independente e compatible coa taxa pola ocupación con mesas, cadeiras e veladores segundo os apartados anteriores.

	€/m2/ano
3.1. En rúas de 1ª categoría	4,50 €.
3.2. En rúas de 2ª categoría	3,15 €.
3.3. En rúas de 3ª categoría	1,57 €.

4.- Ós efectos de aplicación das tarifas reguladas neste Anexo, asimilarase a unha mesa con 4 ou menos cadeiras calquera mobiliario ubicado en dominio público municipal, susceptible de prestar o mesmo servizo, como por exemplo barrís, bancadas, etc.

5- Os parques e prazas públicos asimílanse, aos efectos desta taxa, as rúas da categorías mais alta daquelas que os circundan. Cando a ocupación se sitúe na confluencia de dúas rúas, aplicarase o coeficiente correspondente á de categorías mais alta.

6.- Excepcionalmente e previa comprobación municipal, poderase ratear a cota en atención á realización de obras na vía pública que impidan a súa ocupación. Unicamente terase dereito ao rateo cando as obras duren un mes, como mínimo, impidan a explotación dos elementos instalados e teñan lugar durante os meses de abril a outubro, ámbolos dous inclusive. A solicitude de rateo realizarase con posterioridade ao ingreso en período voluntario da taxa anual.

Segundo. Data de aprobación e entrada en vigor.

A presente modificación desta Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2016, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Modificación anterior que entrou en vigo o día 1 de xaneiro de 2012

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín o día 21 de decembro de 2015 e publicada no BOP o día 23 de decembro de 2015